

LÚA

(FORMATO GRANDE)

Textos de ANTONIO RUBIO

Ilustracións de ÓSCAR VILLÁN

Cartón duro a todo color. 24 x 24 cm. 16 páx. 14 €.

ISBN 978-84-8464-381-4. Do berce á lúa.

PREMIO PEQUEÑO DRAGÓN 2018 (LIBRARÍA EL DRAGÓN LECTOR)

Á COLECCIÓN DO BERCE Á LÚA

A colección *Do berce á lúa* está dirixida a nenas e nenos de 0 a 3 anos para quen se deseñaron especialmente estes *pictogramas poéticos* ou *poeagramas*; un termo que designa unha modalidade de poesía pictográfica baseada na procura dun ritmo de lectura que axude a “educar o ollo e adoazar o oído” dos pequenos lectores, en palabras do poeta Antonio Rubio. Esta nova edición de gran formato que mide 24x24 cm. -“Lúa” é o primeiro título dispoñible- é ideal para o seu manexo por parte de mediadores e docentes, mentres que a edición convencional de 16x16 cm. está dirixida ao público infantil.

A obra do ilustrador Óscar Villán é totalmente artesanal, a base de pinceladas e tonalidades de color que permiten apreciar as texturas. A imaxe resalta sobre un fondo claro; o debuxo é sinxelo e recoñecible, co toque persoal do artista. Ante a menor importancia da grafía, as ilustracións adquiren toda a forza comunicativa: son facilmente lexibles, articúlanse de igual modo que as palabras, coas súas sílabas contadas. Dispóñense ao xeito dos versos, ordeadas, medidas, con ritmo e rima final; imaxes que poden ser lidas de forma autónoma dende idade temperá.

Cada título da serie *Do berce á lúa* é un poema completo, “un exercicio poético de gran sinxeleza e forza musical”.

Así, as nenas e os nenos aprenden que se le de esquerda a dereita, de arriba a abaixo, e que o paso das páxinas é o devir dos versos.

Na súa construción destacan varias claves:

- A estrutura poética do cancionero infantil: suma, enumeración, encadeamento, verso e retrouso...
- Servesse dos recursos poéticos do cancionero tradicional: ecos, rimas, ritmos, onomatopeas, anáforas...
- Responde aos intereses das primeiras idades: números (CINCO), cores (CROCODILO), animais cercanos (MIAU), a lúa máxica (LÚA), os alimentos (PAXARIÑA DE PAPEL), os obxectos cotiás (ZAPATO), os sons e as onomatopeas (VIOLÍN), a situación dos obxectos no espazo (PIÑEIRO).

KALANDRAKA elaborou unha aposta moi orixinal ao responder con esta colección á pregunta *Que poemas poderían lerse a partir dos seis meses?* O resultado é un traballo de edición moi esmerado: *Do berce á lúa*. Oito libros que os pre-lectores poden gozar como se dun xoguete se tratase... E seguir utilizándoos para ler autonomamente, trala súa presentación polo adulto.



- **Temática:** pictogramas poéticos ou poeagramas.
- **Idade recomendada:** de 0 a 3 anos; formato grande, para o seu manexo por público adulto.
- **Aspectos destacables:** ilustracións realistas, ritmo e rima; “educar o ollo e adoazar o oído”, coñecer o alfabeto, identificar texto e imaxes, lectura visual.

Antonio Rubio

(El Puente del Arzobispo, Toledo, 1953)

Mestre durante 40 anos e poeta que, ao seu labor docente e ás actividades en bibliotecas escolares, suma a paixón por ler e escribir. Participa en cursos de animación lectora e de formación do profesorado. Dirixe as coleccións *Do berce á lúa* de poesía para pre-lectores en KALANDRAKA e *Trece Lúas* de poesía para adultos no selo FAKTORÍA K. É autor de numerosos libros, entre os que destacan “*Números*”, “*Cores*”, “*Aurelio*”, “*A merliña*”, “*O poliño da abeleira*”, “*Almanaque musical*”, “*Las alas del AVEcedario*” e “*7 Llaves de cuento*” (KALANDRAKA).

Óscar Villán

(Ourense, 1972)

Licenciado en Belas Artes (especialidade de Pintura). Co seu primeiro traballo de ilustración para público infantil, “*O coelliño branco*” (KALANDRAKA), recibiu o 1º Premio Nacional de Ilustración 1999. Entre a trintena de libros que ilustrou para diversas editoriais destacan a colección *Do berce á lúa*, “*Amora*”, “*A Cebra Camila*”, “*O Rei Oso Branco*”, “*Non hai escapatoria*” (KALANDRAKA) e “*Un becho extraño*” (FAKTORÍA K). Tamén realiza traballos de escultura, fotografía e deseño de carteis. Dirixe a colección de arte *Alfabetos*, de KALANDRAKA.
<http://ovillan.com>

